



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE ESTUDO, CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO EN MADEIRA DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REUNIDOS

Dunha parte, dona M^a Jesús Lorenzana Somoza, presidenta da Axencia Galega da Industria Forestal, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas de acordo co establecido polo Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, don Daniel Lorenzo Santos, en nome e representación da Fundación Catedral de Santiago de Compostela (G70178603), constituída por tempo indefinido en escritura outorgada o 23 de xullo de 2008 ante o notario de Santiago de Compostela don José Antonio Cortizo Nieto, baixo o número de protocolo 2.280, e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (nº 2008/17), en virtude da orde publicada no Diario Oficial de Galicia de 11 de novembro de 2008; intervén na súa condición de director xeral segundo o nomeamento efectuado polo Padroado da Fundación en reunión do 15 de abril de 2011 e da ampliación de facultades outorgada mediante acordo do Padroado adoptado en reunión de 16 de maio de 2011.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente ACORDO de colaboración e, na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o artigo 3.1.f da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, establece como un dos principios xerais de actuación das Administracións Públicas, o principio de cooperación, colaboración e coordinación.

Segundo.- Que o *Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria* establece como unha entidade pública instrumental do sector público autonómico, adscrita á Consellería de Economía e Industria, a Axencia Galega da Industria Forestal (en diante, X), á que lle corresponde o exercicio das competencias dispostas no *Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos*.



Terceiro.- Que a Xera é unha axencia pública autonómica que, de acordo co citado Decreto 81/2017, conta con personalidade xurídica propia e plena autonomía para a consecución dos seus fins e exercicio das súas competencias, podendo para elo colaborar con outras institucións e entidades que persigan obxectivos coincidentes.

Cuarto.- Que a Xera ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal, a definición e promoción de estratexias que logren unha convivencia saudable e sustentable entre o aproveitamento e a industrialización dos recursos naturais, co fin de conservar o patrimonio natural, a biodiversidade e o uso sustentable dos ditos recursos.

Quinto.- Que a Xera integra dentro da súa estrutura (Decreto 81/2017) o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (CIS-Madeira) como centro especializado nos diferentes usos deste ben natural e que, entre outras actividades, leva a cabo proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), asistencias técnicas e formación de profesionais no eido da construción con madeira tanto no ámbito da rehabilitación e do patrimonio como en obra nova. No ámbito da rehabilitación, o CIS-Madeira ten desenvolvido diversos proxectos de investigación en aspectos como a calidade estrutural da madeira antiga ou os sistemas de reforzo e reparación de elementos estruturais.

Sexto.- Que a Fundación Catedral de Santiago (en diante, Fundación) ten, entre os seus fins, a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, do seu entorno e do seu patrimonio artístico e cultural; así como a xestión e explotación a efectos da súa posta en valor, das infraestruturas da catedral compostelá, do seu entorno e do seu patrimonio artístico e cultural.

Sétimo.- Que, con carácter previo, a Fundación e a Xera colaboraron no desenvolvemento de actuacións vinculadas a elementos e estruturas de madeira da Catedral de Santiago de Compostela de gran singularidade patrimonial como na análise do estado da madeira no xugo das campás A Maior e a Prima Salomé, no deseño e cálculo das estruturas das capelas absidiais, na diagnose da estrutura do baldaquino ou da balaustrada do cimborrio, etc. O que deu lugar a que ámbalas dúas entidades recoñezan o valor xerado pola cooperación institucional.

Oitavo.- Que é desexo da Fundación e da Xera establecer un marco de colaboración que favoreza a realización de novos traballos conxuntos para estudar, recuperar, conservar, promocionar e difundir o patrimonio construtivo en madeira da Catedral de Santiago de Compostela empregando, para este fin, as técnicas e tecnoloxías máis axeitadas, promovendo a innovación con propostas que garantan a durabilidade e procurando solucións aos problemas ou carencias detectadas durante as actuacións previstas. Así mesmo e durante todo o proceso de



desenvolvemento das actuacións, potenciaranse aquelas actividades que promovan a investigación, a innovación e a especialización profesional no ámbito do patrimonio en madeira.

En virtude do exposto, as partes subscriben o presente ACORDO, que se rexera polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Xera, a través de CIS-Madeira, e a Fundación relacionadas coas actuacións de estudo, conservación e difusión do patrimonio en madeira da Catedral de Santiago de Compostela mediante a utilización de técnicas tradicionais e innovadoras.

Segunda.- Obxectivos estratéxicos

As actuacións que se desenvolvan no marco deste acordo, pretenderán a consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

- Colaborar en materia de investigación aplicada á conservación do patrimonio cultural en madeira en Galicia.
- Promover a transferencia de coñecemento mediante o asesoramento mutuo e o desenvolvemento de mecanismos comúns para a valorización de resultados vinculados ás actuacións desenvolvidas no marco deste acordo.
- Desenvolver actuacións dedicadas a divulgar, promover o uso e o desenvolvemento de técnicas de intervención en estruturas de madeira existentes.

Terceira.- Actuacións a desenvolver

Para contribuír a acadar os obxectivos estratéxicos definidos, as partes colaborarán coordinando a realización da súa respectiva actividade.

Así, Xera prevé desenvolver, a través da súa Área de Promoción e Calidade Forestal e do CIS Madeira, actuacións nos seguintes ámbitos:

1. Prestar asesoramento técnico en aspectos relacionados con:
 - Diagnose do estado de conservación de elementos estruturais de madeira.
 - Propostas sobre técnicas de intervención e reforzo de elementos estruturais.



- Requisitos das partidas de madeira empregadas nas intervencións (especies, calidade, tratamentos, etc.) e acompañamento durante a execución en obra.
2. Difusión e transferencia do coñecemento xerado e das actuacións realizadas na Catedral de Santiago de Compostela mediante accións como:
- Organización e/ou participación en xornadas técnicas, cursos e talleres formativos sobre diagnose e rehabilitación de estruturas antigas en madeira.
 - Publicacións en congresos e revistas especializadas.
 - Elaboración de fichas das intervencións.
 - Difusión web, en redes sociais e xeración de contidos audiovisuais.

Pola súa banda, a Fundación facilitará o desenvolvemento das anteriores actuacións outorgando os permisos precisos e aportando a información e a documentación técnica ou gráfica da que dispoña e resulte necesaria.

Asemade, desenvolverase calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, contribúa á consecución dos obxectivos estratéxicos definidos e que acorden a Xera e a Fundación, a través da comisión de seguimento establecida na cláusula sexta.

Cuarta.- Réxime económico

Este acordo de colaboración non implica compromisos económicos nin para a Xera nin para a Fundación.

Quinta.- Modificacións

Sen prexuízo do previsto na cláusula terceira, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto de modificacións a través das correspondentes addendas por acordo unánime expreso das partes.

Sexta.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para atender ao adecuado desenvolvemento do acordo, que terá entre as súas funcións:

- Efectuar o seguimento, vixilancia e control do presente Acordo.
- Efectuar o seguimento no avance das actuacións establecidas na cláusula terceira.
- Resolver as posibles dúbidas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento das cláusulas do presente Acordo.
- Establecer un calendario anual de actividades previstas que permita a axeitada planificación e que garanta o éxito das mesmas.

Esta comisión mixta de seguimento estará formada por catro representantes:

- Dúas persoas da Xera, nomeadas pola persoa titular da súa dirección.
- Dúas persoas da Fundación, nomeadas pola persoa titular da súa dirección.



A comisión xuntarase, cando menos, unha vez ao ano para realizar unha revisión e seguimento das actuacións desenvolvidas, así como para acordar as seguintes accións a desenvolver. Dita comisión constituirase no prazo de trinta (30) días contados a partir da data da sinatura deste Acordo.

Sétima.- Publicidade

A Fundación fará constar a colaboración da Xunta de Galicia en todos os materiais e demais documentos que deriven da execución das actividades do acordo e incluírá o logo da Xunta de Galicia, conforme ao establecido no Manual de identidade corporativa. Pola súa banda e de modo recíproco, a Xera fará constar a colaboración coa Fundación e incluírá o seu logo nos materiais e documentos que esta elabore.

Por engadido, nas publicacións realizadas en redes sociais relativas a estas actividades, a Fundación empregará a ferramenta @ para enlazar correctamente cos perfís da Xera:

- LinkedIn: www.linkedin.com/company/xera-axencia-da-industriaforestal
- Facebook: www.facebook.com/xeraindustriaforestal
- Instagram: <https://www.instagram.com/xera.xunta/>

E, do mesmo modo, a Xera enlazará nas súas redes sociais ás contas da Fundación.

Oitava.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Os datos de carácter persoal aos que teña acceso en virtude deste acordo serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos de conformidade coa normativa recollida nas cláusulas do acordo e as referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeralproteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Estas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Novena.- Relacións laborais

A subscripción deste acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha á Axencia Galega da Industria Forestal, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste acordo.

Décima.- Transparencia

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste acordo, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Acordos da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno* (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no *Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Acordos da Xunta de Galicia* (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Undécima.- Vixencia

O presente Acordo entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá 4 anos de vixencia, prorrogándose ata un máximo de 8 anos, sempre que a prórroga se adopte polas partes asinantes con anterioridade á finalización da súa vixencia.

Duodécima.- Resolución

O presente acordo resolverase por incumprimento total ou parcial, polo transcurso do tempo estipulado na cláusula undécima, ou por vontade dalgunha das partes que deberá ser comunicada á outra cunha antelación mínima de dous meses, en todo caso, deberán finalizarse as actividades xa iniciadas.

Decima terceira.- Natureza

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, polo que se rexerá polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación, considerándose incluído dentro do ámbito de aplicación da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.


En proba de conformidade, e para que conste aos efectos oportunos, asinan na data indicada pola sinatura dixital e a un só efecto.

08 MAI. 2026

A presidenta da Axencia Galega da
Industria Forestal

O director xeral da Fundación
Catedral Santiago de Compostela


María Jesús Lorenzana Somoza


Daniel Lorenzo Santos